

Dezasete. O título da sección «Produtos alimenticios destinados a usos médicos especiais, excluídos os alimentos para lactantes e crianzas de curta idade a que fai referencia o Real decreto 1809/1991, do 13 de decembro», dentro da categoría de «Produtos alimenticios destinados a unha alimentación especial», substitúese polo seguinte:

«Alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais tal como se definen no Real decreto 1091/2000, do 9 de xuño.»

ANEXO V

O anexo V do Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de corantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, queda modificado como segue:

Un. Inclúense na lista os seguintes aditivos:

«N.º E	Denominacións	Uso restrinxido
E-462 E-968	Etil celulosa Eritritol»	

Dous. O texto contido na terceira columna (uso restrinxido) correspondente aos aditivos E-551 e E-552 substitúese por: «Emulxentes e corantes, máximo 5%. Para o E-551: en E-171 dióxido de titanio e E-172 óxidos e hidróxidos de ferro (máximo 90% con relación ao pigmento)».

ANEXO VI

O anexo VI do Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de corantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, queda modificado como segue:

Un. O título da «terceira parte» substitúese polo seguinte:

«Aditivos alimentarios permitidos en alimentos elaborados a base de cereais e alimentos infantís para lactantes e crianzas de curta idade.»

Dous. A introdución da «terceira parte» substitúese por:

«Os alimentos elaborados a base de cereais e alimentos infantís para lactantes e crianzas de curta idade poderán conter E-414 (goma de acacia ou goma arábica) e E-551 (dióxido de silicio) como resultado da adición de preparados nutritivos que conteñan un máximo de 150 g/kg de E-414 e 10 g/kg de E-551, ben como E-421 (manitol) cando é utilizado como portador da vitamina B12 (un mínimo dunha parte de vitamina B12 por 1000 partes de

manitol). O valor de E-414 ao produto listo para o consumo non deberá exceder os 10 mg/kg.

Os alimentos elaborados a base de cereais e alimentos infantís para lactantes e crianzas de curta idade poderán conter octenil succinato sódico de amidón (E-1450) como resultado da adición de preparados vitamínicos ou de preparados que conteñan ácidos graxos poliinsaturados. A transferencia de E-1450 no produto listo para o consumo non deberá exceder os 100 mg/kg procedentes dos preparados vitamínicos e 1000 mg/kg de preparados que conteñan ácidos graxos poliinsaturados.

Os alimentos elaborados a base de cereais e alimentos infantís para lactantes e crianzas de curta idade poderán conter E-301 (L-ascorbato sódico) utilizado a nivel de quantum satis en aditivos de recubrimiento de preparados nutritivos que conteñan ácidos graxos poliinsaturados. O valor de E 301 no produto listo para o consumo non deberá exceder os 75 mg/l.

As doses máximas de utilización refírense aos alimentos listos para o consumo, preparados segundo as instrucións do fabricante.»

Tres. O título da sección «1. Preparados de desteta», na táboa de aditivos autorizados da «terceira parte», substitúese polo seguinte:

«Alimentos elaborados a base de cereais e alimentos infantís.»

Catro. Engádesse o seguinte aditivo na lista que figura na «cuarta parte»:

«N.º E	Denominación	Dose máxima	Condicións especiais
E-473	Sucroésteres de ácidos graxos	120 mg/l	Produtos que conteñan proteínas, péptidos e aminoácidos hidrolizados»

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

16392 REAL DECRETO 1111/2007, do 24 de agosto, polo que se modifica o Real decreto 597/1988, do 10 de xuño, polo que se regula o control metrolóxico CEE, con motivo das sucesivas ampliacións da Unión Europea. («BOE» 222, do 15-9-2007.)

A Directiva 71/316/CEE, do Consello, do 26 de xullo de 1971, relativa á aproximación das lexislacións dos Esta-

dos membros sobre disposicións comúns aos instrumentos de medida e aos métodos de control metrolóxico, deu lugar no dereito interno español ao Real decreto 597/1988, de 10 de xuño, polo que se regula o control metrolóxico CEE. Esta norma, no que se refire ás letras correspondentes aos distintivos nacionais e aos seus debuxos, incorporou as dos Estados que formaban parte da CEE ata o momento da adhesión a ela de España e Portugal. Por isto, non figuran as dos trece Estados que se incorporaron a esta Comunidade en datas posteriores.

A aprobación da Directiva 2006/96/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, pola que se adaptan determinadas directivas no ámbito da libre circulación de mercadorías, con motivo da adhesión de Bulgaria e Romanía, e da Directiva 2007/13/CE, da Comisión, do 7 de marzo de 2007,

pola que se modifica o anexo II da Directiva 71/316/CEE, do Consello, do 26 de xullo de 1971, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre disposicións comúns aos instrumentos de medida e aos métodos de control metrolóxico, fai necesaria a súa transposición e a adaptación ao noso ordenamento xurídico.

Este real decreto modifica, por tanto, o Real decreto 597/1988, do 10 de xuño, incluíndo as letras correspondentes aos distintivos nacionais e os seus debuxos de cada un dos países incorporados á actual Unión Europea, nas sucesivas ampliacións: Austria, Suecia, Finlandia, Lituania, Letonia, Estonia, Eslovenia, Eslovaquia, Polonia, República Checa, Chipre, Malta, Hungría, Bulgaria e Romanía.

Durante a tramitación deste real decreto, realizouse o preceptivo trámite de audiencia previsto no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Así mesmo, a disposición regulamentaria que se aproba recibiu o informe favorable do Consello Superior de Metroloxía, que, polo artigo 2.1.h) do Real decreto 584/2006, do 12 de maio, polo que se determina a estrutura, composición e funcionamento deste consello, ten atribuída como función a de emitir informe preceptivamente sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral que afecten o ámbito da metroloxía.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de agosto de 2007,

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 597/1988, do 10 de xuño, polo que se regula o control metrolóxico CEE.*

O Real decreto 597/1988, do 10 de xuño, polo que se regula o control metrolóxico CEE, modifícase como segue:

Un. O punto 3.1 do anexo I queda redactado nos seguintes termos:

«3.1 O certificado reproducirá as conclusións do exame de modelo e establecerá os demais requisitos que se deben cumprir. Xuntaránselle descrições, planos e esquemas necesarios para identificar o modelo e explicar o seu funcionamento. O signo de aprobación previsto no artigo desta disposición estará formado por una letra estilizada & que conteña:

a) Na parte superior, a letra maiúscula E e as dúas últimas cifras do ano de aprobación. Cando a aprobación fose concedida por outro Estado membro, en lugar do E figurará a letra correspondente a este Estado (B, para Bélxica; BG para Bulgaria; CZ, para a República Checa; DK, para Dinamarca; D, para Alemaña; EST, para Estonia; EL, para Grecia; F, para Francia; IRL, para Irlanda; I, para Italia; CY, para Chipre; LV, para Letonia; LT, para Lituania; L, para Luxemburgo; H, para Hungría; M, para Malta; NL, para os Países Baixos; A, para Austria; PL, para Polonia; P, para Portugal; RO, para Romanía; SI, para Eslovenia; SK, para Eslovaquia; FI, para Finlandia; S, para Suecia e UK, para o Reino Unido).

b) Na parte inferior, unha designación que será determinada polo servizo de metroloxía que concede a aprobación (número característico).

No punto 6.1 figura un modelo do signo de aprobación»

Dous. O punto 3.1.1.1 do anexo II queda redactado do modo seguinte:

«3.1.1.1 A marca de verificación final CEE constará de dúas impresións:


a) A primeira estará formada pola letra minúscula «e» e conterá:

- na metade superior, a letra maiúscula distintiva do Estado onde se efectúe a verificación primitiva (B, para Bélxica; BG, para Bulgaria; CZ, para a República Checa; DK, para Dinamarca; D, para Alemaña; EST, para Estonia; EL, para Grecia; E, para España; F, para Francia; IRL para Irlanda; I, para Italia; CY, para Chipre; LV, para Letonia; LT, para Lituania; L, para Luxemburgo; H, para Hungría; M, para Malta; NL, para os Países Baixos; A, para Austria; PL, para Polonia; P, para Portugal; RO, para Romanía; SI, para Eslovenia; SK, para Eslovaquia; FI, para Finlandia; S, para Suecia e UK, para o Reino Unido) acompañada, cando sexa necesario, dunha ou dúas cifras, precisando unha subdivisión territorial.

- na metade inferior, o número distintivo do axente ou da oficina que efectúe a verificación

b) A segunda impresión estará composta polas dúas últimas cifras do ano de verificación situadas no interior dun hexágono».

Tres. Aos debuxos adxuntos do anexo II do Real decreto 597/1988, do 10 de xuño, polo que se regula o control metrolóxico CEE, engádenselles os que se insiren a seguir:



Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.12ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar a lexislación sobre pesas e medidas.

Disposición derradeira segunda. Incorporación de dereito da Unión Europea.

Mediante este real decreto incorpóranse ao dereito español a alínea B do anexo da Directiva 2006/96/CE do

Consello, do 20 de novembro de 2006, pola que se adaptan determinadas directivas no ámbito da libre circulación de mercadorías, con motivo da adhesión de Bulgaria e Romanía e a Directiva 2007/13/CE da Comisión, do 7 de marzo de 2007, pola que se modifica o anexo II da Directiva 71/316/CEE do Consello, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre as disposicións comúns aos instrumentos de medida e aos métodos de control metrolóxico.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 24 de agosto de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
JOAN CLOS I MATHEU

16393 *REAL DECRETO 1112/2007, do 24 de agosto, polo que se establece o réxime de axudas ao desenvolvemento das infraestruturas nas comarcas mineiras do carbón.* («BOE» 222, do 15-9-2007.)

O Real decreto 2020/1997, do 26 de decembro, polo que se establece un réxime de axudas para a minaría do carbón e o desenvolvemento alternativo das zonas mineiras, no seu capítulo IV, regulou o esencial das axudas ao desenvolvemento das infraestruturas nas comarcas mineiras do carbón.

Na actualidade, a entrada en vigor da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do seu Regulamento, aprobado por Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, por un lado e, por outro, a sinatura e aprobación polo Consello de Ministros, na súa reunión do 31 de marzo de 2006, do Plan Nacional de Reserva Estratéxica de Carbón 2006-2012 e Novo Modelo de Desenvolvemento Integral e Sustentable das Comarcas Mineiras, que se constitúe no plan estratéxico para a concesión de axudas ao desenvolvemento infraestrutural, aconsella a aprobación dun novo real decreto que defina estas axudas como de concesión directa, estableza as bases reguladoras para a súa concesión e introduza as novidades que o dito novo plan recolle nesta materia, tendo en conta que as axudas resultan complemento necesario para garantir a consecución da finalidade obxectiva a que responde a competencia estatal sobre as bases e a coordinación, no caso do citado plan da minaría do carbón.

Estas axudas concederanse ás comunidades autónomas e ás entidades locais do ámbito da minaría do carbón, tal como este se definirá posteriormente, e só excepcionalmente a entidades sen ánimo de lucro de recoñecido prestixio, e terán por obxecto a adquisición, construción ou desenvolvemento de bens de carácter público e, como excepción, o sostemento de actividades de indubidable valor para o desenvolvemento socioeconómico alternativo das comarcas mineiras do carbón.

Catro son, principalmente, os argumentos que xustifican a aplicación a estas axudas dun réxime de concesión directa, ao abeiro do previsto no artigo 22 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións: primeiro, o carácter público dos bens cuxa adquisición ou desenvolvemento se financia con estas axudas; segundo, o feito de que os beneficiarios sexan administracións rexionais ou locais; terceiro, o de que a distribución dos recursos entre as diversas rexións e municipios deba ser proporcional á

intensidade da crise da minaría do carbón e o seu interese público, económico e eminentemente social, derivado da necesidade de proseguir o proceso de reestruturación da minaría do carbón e, cuarto, a necesidade, á vez, de evitar o declive das zonas mineiras, mediante unha política de desenvolvemento alternativo, unha de cuxas facetas é o desenvolvemento das infraestruturas. Por todo iso faise preciso un real decreto que, de conformidade co artigo 28.2 da referida Lei xeral de subvencións, aprobe as normas especiais destas subvencións.

Para a elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas afectadas e, así mesmo, foi realizado o preceptivo trámite de audiencia.

Correspóndelle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a proposta da política do Goberno para a reestruturación da minaría do carbón e o desenvolvemento económico dos municipios mineiros do carbón.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de agosto de 2007,

DISPÕO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación da concesión directa das axudas ao desenvolvemento das infraestruturas nas comarcas mineiras do carbón, no marco do previsto no Plan Nacional de Reserva Estratéxica de Carbón 2006-2012 e Novo Modelo de Desenvolvemento Integral e Sustentable das Comarcas Mineiras.

CAPÍTULO II

Réxime das axudas

Artigo 2. *Finalidade e carácter singular das axudas.*

1. Estas axudas terán por obxecto a adquisición, construción ou desenvolvemento de infraestruturas non selectivas en canto aos usuarios destas e, como excepción, o sostemento de actividades de indubidable valor para o desenvolvemento socioeconómico alternativo das comarcas mineiras do carbón.

2. As axudas á adquisición, construción ou desenvolvemento das infraestruturas nas comarcas mineiras do carbón, concederanse ás comunidades autónomas e ás entidades locais do ámbito da minaría do carbón, definido no artigo 5 deste real decreto. Só excepcionalmente, estas axudas se poderán conceder a entidades sen ánimo de lucro, a condición de que as ditas entidades sexan de recoñecido prestixio e actúen no ámbito da minaría do carbón e de que as axudas se trasladen integramente a beneficiarios finais non empresariais.

3. As axudas outorgaranse en réxime de concesión directa ao abeiro do previsto nos artigos 22.2.c) e 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, atendendo ao seu carácter singular, dado o seu interese público, económico e eminentemente social, derivado da necesidade de proseguir o proceso de reestruturación da minaría do carbón e, á vez, de evitar o declive das zonas mineiras, mediante unha política de desenvolvemento